

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Andres Manuel Caballero López, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón, D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario ó titular D. José López Castro

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2012.**

**2º.-SORTEO MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA DO PROXIMO DÍA 21 DE OUTUBRO.**

**3º.-DECRETO Nº 194, SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DECRETOS 74,96,119,129 E 158.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2012.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de agosto de dous mil doce, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-SORTEO MEMBROS DAS MESAS PARA AS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA DO PROXIMO DÍA 21 DE OUTUBRO.**

Sorteados os membros de mesas a través do programa de ordenador facilitado por Wurth, saíndo elexidos os 45 membros das 5 mesas electorais, a razón de 9 por mesa, Presidente e dous vocais titulares, máis dous suplentes por cada posto.

O Pleno por unanimidade dos asistentes,

ACORDOU:

1º.-Ratificar o resultado do sorteo realizado ó consideralo totalmente axustado a dereito, realizado en presenza dun membro de cada partido.

2º.-Remitir á Xunta Electoral de Zona a relación de membros das mesas.

3º.-Notificar os nomeamentos dentro do prazo de tres días.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde por si hai que facer novo sorteo o quedarse algún posto vacante por renuncia e aceptación de renuncia dos seus tres componentes.

**3º.-DECRETO Nº 194, SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DECRETOS 74, 96,119,129 E 158.**

Visto o decreto que copiado literalmente di:

**“DECRETO DA ALCALDIA Nº 194**

**DON ELADIO CAPON LOPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.**

Vistos os Decretos nº 74 do mes de abril, nº 96 do mes de maio, nº 119 do mes de xuño, nº 129 do mes de xullo e número 158 do mes de agosto.

Visto que nos mesmos hai un erro mecanográfico de transcripción ao poñer en todos eles nas facturas de Solred, “gasoleo mes de febreiro”.

Visto que tan só se trata dun erro de transcripción do mes, cando non afecta a importes, matrículas de vehículos, gasoleo consumido, etc.

Polo que,

**RESOLVO:**

1º.- Que quede transcrito o mes da seguintes maneira: no número 74 deberá poñer gasoleo mes de marzo; nº número 96 deberá poñer gasoleo mes de abril; no número 119 deberá poñer gasoleo mes de maio; no número 129 deberá poñer gasoleo mes de xuño e no número 158 deberá poñer gasoleo mes de xullo.

2º.- Poñer de manifesta ante o funcionario encargado de facer estes Decretos que deberá prestar máis atencións a estes erros, xa que se trata simplemente polo xeito de de “copiar – pegar”.

3º.- Dar conta deste Decreto a Xunta de Goberno Local do Concello e emitir certificación do mesmo e remitila a tódolos voceiros dos grupos políticos xunta con fotocopia das facturas de cada mes.

Láncara a 20 de setembro de 2012.”

Vistas as facturas de Solred correspondentes os cinco meses donde se cometeu erro, meses de marzo, abril, maio, xuño e xullo, xunto co desglose de consumo por vehículos, sendo estes lidos integramente polo Secretario.

Visto que de todo o anterior deduceuse que se trata dun erro material.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterado da corrección do error cometido nos cinco decretos antes mencionados.

2º.-Que se lle dé a cada voceiro dos partidos que componen o Pleno unha fotocopia da factura e desglose por consumo de vehículos, dos cinco meses a que queda feita mención.

3º.-Recordarlle ó persoal administrativo que se procure evitar estes erros no sucesivo.

Acto seguido por parte do Sr. Alcalde agradécelle o voceiro do PSG-PSOE, pola advertencia deste erro.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas cincuenta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

